

Teatro circular

Xosé Azar

# A REVOLUCIÓN IRMANDIÑA

Serra de Gredos, verán de 2006.

## LIMIAR

Tan só dúas palabras, porque quenes teñen que falar aquí son os poemas. Só para dicir que o meu sentimento, cando descubrín esta revolución que está na nosa entraña como pobo, ala dentro esquecida, foi de admiración, o mesmo que lle pasou a outros:

“Aquella revolución popular de Galicia en el siglo XV, es la epopeya más *grande y admirable* que registran en sus anales todos los antiguos reinos de la antigua Iberia” (Vicetto *Historia* 130).

“La constitución de la Hermandad, y en particular del levantamiento hermandino, general, vigoroso y uniforme en toda la región... no puede por menos de causar admiración, no ya sólo por la magnitud de la audaz y atrevida empresa, sino también por la habilidad y el acierto en la organización, llevada a cabo en relativamente corto espacio de tiempo, extendida a todos los rincones de Galicia, logrando alistar en ella burgueses y propietarios, villanos y campesinos, hasta corporaciones eclesiásticas y miembros de la nobleza” (Pórtela Pazos, 66).

Os meus versos van a intentar dar forma a este fondo grandioso en canto eu sexa capaz. O primeiro drama, de índole máis ben esperpéntica, é só un primeiro achegamento, pois así foi tamén historicamente; o que din as palabras citadas de Vicetto e Pórtela Pazos eu intento exprésalo no segundo drama, onde se trata propiamente da nosa Revolución en sí.

COMPOSTELA

“Tomaron por capitán un fidalgo que se chamaba Roi Xordo... Os ditos irmáns víronse tan poderosos e estaban tan tolos que non só non quixeron estar por cousa de que... lles foi mandado de parte do Rei, mais tentaron de entrar na cidade de Santiago, o que o arcebispo lles defendeu e xuntou a súa xente... cos que acordou de pelexar con estes ditos irmáns. Os cales, como eran xente miúda e de pouco esforzo, acordaron de se derramar e irse algúns deles para o arcebispo” (en *Os irmandiños*, de López Carreira).

*Personaxes:*

Agonistas:

Roí Xordo e Arzobispo.

Coro:

Catro irmandiños.

# I

- Cor 1: Agora que fuxen os lobos  
Galicia é nosa.
- Cor 2: Sen naide que nos apreixe a gorxa  
sae limpo a aturuxo:  
¡Jiii jirijí!
- Cor 3: Apreixábannos cos seus tentáculos,  
roubábannos as vacas,  
a muller,  
a alma.
- Cor 4: Arrastrabámonos espides e descalzos,  
o señor outro deus  
máis fero e máis preto.
- Cor 1: ¡Viva Galicia ceiba!
- Cor 2: ¡Ceiba de alma, ceiba de corpo!
- Cor 3: (Chorando) ¡Ceiba, ceiba!
- Cor 4: ¡Acabouse a opresión!
- Cor 1: ¡Asoballados desde que existimos!
- Cor 2: ¡Desde fóra e desde dentro!
- Cor 3: Non son máis que lobos.
- Cor 4: E nós cans (Ouvean).
- Roí: ¡Cans, tristes cans,  
ela aínda lonxe de nós!
- Cor 1: ¡Ós castelos,  
ás fortalezas,  
ós torreóns malditos!  
¡Darlle morte a todos!
- Cor 2: ¡Que fuxan!,  
así non os temos enriba.
- Roí: Sodes os amos do voso destino,  
agora non hai máis que continuar a tarefa.  
Hai que atopar o lobo maior,  
que se senta con baiesta e báculo.

Cor 3: ¿Estás tolo? Compostela é un baluarte inexpugnable.  
¿Vámolo a acadar nós cos nosos fouciños?

Cor 4: ¿E cos nosos berros, e as nosas aldraxes?

Cor 1: Somos máis que eles.

Cor 2: Pero teñen cabalos e lanzas.

Cor 3: ¡Viva Galicia ceiba!

Cor 4: ¡Cala xa! Pronto deixaremos de selo; máis apreixados que antes.

Roí: A nosa revolución ten que acrecentarse,  
somos máis fortes que onte; mañá serémolo máis.

Cor 1: Conseguiremos que os cidadáns composteláns se poñan da nosa parte e  
derrubaremos as fortalezas e o castelo do arzobispo. Igual que fixémolo  
outro, podemos facer isto.

Cor 2: ¿Os composteláns uniranse a nós?

Roí: Sempre loitaron contra a teocracia, que é a orixe das demais opresións.

Cor 3: O máis difícil queda por facer.

Cor 4: ¡Ai, perderémonos!

Roí: Somos moitos, temos a forza e a verdade.

Cor 1: Agora xa nonos arrastramos,  
agora sabemos que podemos,  
agora non poderán con nós.

Cor 2: Agora somos fortes e temos confianza,  
os caciques fuxen co rabo entre as pernas.

Cor 3: ¡Viva Galicia ceiba!

Cor 4: ¡Morra a teocracia arzobispal!

Roí: Acadaremos unha Galicia nosa,  
unha Galicia doce,  
unha Galicia nai.  
Por ela ¿non vale a pena morrer, se é necesario?  
¡Vannos matar igual!  
Están asasinando día a día,  
fixéronnos seus escravos.  
Axoenllarnos diante deles,  
bicárlles a man;  
damos risa ou pena, xa non sei que.  
¡Irmáns! Hai que desbaratar  
este nido de víboras que é agora Galicia.  
Morrer é doce,  
morrer é limpo,  
antes que esta merda.  
Temos agora unha conquista que defender,  
somos libres e queremos ser sempre así.  
Somos moitos  
e pronto seremos todos,

nonos poden arredar.

Cor 3: Perdímoslle o medo ós lobos,  
fuxen co rabo entre as pernas.

Cor 4: ¡Tanto poderío,  
tanta suficiencia,  
tanto desdén,  
e están agachados coma os coellos!

Roí: Os fortes somos nós  
e ímolo ser máis  
cando conquistémola cidade santa.



## II

(Traen ó arzobispo detido)

Cor. 1: Atopamos ó xefe dos lobos, aquí o tés.

Cor. 2: Vestido cas súas mellores galas.

Arz: ¡Soltádeme! ¿Cómo vos atrevedes a ponerme a man encima? ¡Excomulgados, rebeldes, soltádeme!

Roí: ¿A que ves?

Arz: A recuperar as ovellas perdidas, tal como di o Noso Señor.

Roí: Pero tés un exército detrás de ti.

Arz: Podería vir a cabalo ó fronte del, pero antes da matanza quero intentala paz.

Roí: Quitarlle o roupaxe (fanno, e queda convertido nun campesino de pantalón de pana e botas enterizas).

Arz: Isto que me facedes vaivos pesar.

Roí: Ti e eu nos coñecemos.

Arz: Somos vellos amigos. Eu ás veces me preguntaba, ¿onde estará aquel tolo que andaba dicindo que Deus era a vida e adorábaa nunha nena? ¿Que será del? ¡E mira onde estás! Progresaches, ¿e a rapaza?

Roí: É Compostela e Galicia.

### III

- Arz: Eu tamén son libre coma vós, todo unha carallada, ¿verdade amigos? Xa nadie vos manda, chegamos á liberdade, ¿e agora que?
- Roí: Irmáns, non lle fagades caso, non esquezades o máis importante: a conquista de Compostela. Alí embaixo está, vese desde aquí a catedral, a praza da Quintana, chegaremos pronto a liberala.
- Arz: Eu tamén son da festa.
- Roí: Esta é unha causa moi seria, o mundo ten que cambiar, espera por nós. Tantas lágrimas, tanto Bush. Os fanáticos dos católicos e dos mouros matándose uns e outros. Fai falla unha dea que pona paz. Na catedral compostelana.
- Arz: A ti chóveche, rapaz.
- Cor 3: ¡Bailade vólos dous!
- Roí: (a Arz) ¿ti fas de femia?
- Arz: Non ti, que eu teño un bo carallo (Bailan no medio da escena, coreados).
- Cor 1: ¡Ju jurujú!
- Cor 2: ¡Ei, Carballeira!
- Cor 3: O arzobispo é o que mellor baila.
- Cor 4: Xa nadie manda en nós,  
a nosa liberdade chega ó ceo,  
a igrexa e o estado cancelados
- Cor 1: ¡Viva Galicia ceiba!
- Cor 2: Nunca nadie foi máis libre ca nós
- Cor 3: ¡Isto si que é liberdade!
- Cor4: ¡Sómolo pobo máis libertario da terra!

#### IV

Cor 1: ¡Moucho!

Arredábasme despavorido.

Cor 2: Castrón,

éramolas túas cabras

e ti levantabas a cornamenta

e nós bailábamos

cas ubres polo aire,

cas perrechas abertas.

Cor 3: Noso deus,

e nós os condenados

fozando na terra para te manter,

alabándote. ¡Hosanna!

Cor 4: Nin dignos eramos de ser chan para os teus pés. (Gargallada)

¡Agora vemos que todo eso era unha carallada!

V

- Arz: Estes pódense salvar,  
terán que facer o que desfíxeron, traer carro e bois, reconstruílas  
fortalezas,  
pero a ti non vai haber máis remedio que aforcarte,  
porque es unha persoa perigosa,  
porque non es de ningures,  
en todas partes onde estés es un perigo,  
revólveste sempre,  
Poderías agora ser crego nunha parroquia,  
ou frade nun convento,  
esa era a túa vocación ó principio,  
¿por que te rebotaches?
- Roí: Eu non podo consentir a mentira  
e na vosa doutrina hay moitas falsedades.
- Arz: Ás veces a mentira é necesaria.
- Roí: A verdade farate libre, di o voso Mestre.
- Arz: Tamén a verdade pode enganar.
- Roí: Falas como Pilatos.
- Arz: O meu cargo obrígame a transixir con cousas que son necesarias.
- Roí: Tamén eu son.
- Arz: Ti para morrer.
- Roí: E ti para facer de Caifás.

## VI

Roí: “Compostela”,  
para outros falso ceo, para min inferno  
¿A que vides? -lles preguntaba ós peregrinos, cando os vía entrar na  
catedral cantando.  
¿Sabedes onde chegades?  
¿A este inferno e cantades?  
“¿Patrón de las Españas, amigo del Señor?”,  
pero eso era o oficial, Galicia non sentía tal cousa;  
nunca foi ese apostólo violento noso.  
“Patrón de las Españas”.  
Eu choraba: din que somos uns merdentos, pero válese de nós para a súa  
gloria,  
entón foi cando comecei a odiar esa grandilocuente España  
palabreira, xactanciosa, despreciativa;  
e os cegos truculentos frotándose as mans.  
Pero vós sodes diferentes; creástedes  
o camino, e este antro non é máis que o final: este burato,  
no que os cegos se esforzan e medran:  
obispo, arzobispo, e leguas, 8, 17.  
Eu crieime neste inferno ó que vós viñades cantando  
¿Estarán tolos?  
Eu non quería máis que escapar e vós chegabades mainiños, como un neno á  
súa nai.  
Eles pensaban que chegaban á nova Xerusalén,  
todo volo facíades vós. Eu quería falarvos,  
un a un, decirvos, que era mentira todo,  
unha patraña,  
un comecartos, pero non era posible,  
falabamos idiomas diferentes,  
bobalicóns,  
e non me entendiades,  
e eu choraba.

## VII

Roí: Menos o apóstolo do Pórtico, todo o demais é mentira en Compostela;  
menos este doce caminante que nos mira tranquilo,  
que nos presenta un ceo noso, que camina ca súa gloria,  
que ó redor leva o seu mundo de ilusión.  
Cando chega a Compostela Santiago sorrí,  
pero mira o sartego e entón a a súa risa é gargallada,  
e déixao ás súas costas  
e regresa ó seu país un pouco máis sabio.  
Vólvete, Santiago, ó teu camiño,  
leva contigo a gloria que só é túa,  
deixa atrás este sepulcro de mentira,  
tanta astucia eclesial  
tanto embuste, tanta trola.  
Ven ó camiño,  
vólvete á túa patria,  
catedral de megalomanía.  
Ambición insaciable,  
os arzobispos báculo e ballesta,  
os composteláns sempre intentando a  
libertade.  
Vólvete meu home, non entres dentro,  
non pases do pórtico, con isto tes bastante,  
volve ó camino,  
que ti es un santo novo, que agora  
xa non cre nadie nesa trapallada; fanche rir  
os arzobispos co seu tinglado.  
Ti agora tan só cres na vida,  
toda camiño adiante.  
Vólvete, meu homiño que es bó,  
que esta podre non te contamine,  
sacude as túas sandalias,  
dalle as costas a tanta grandeza,  
colle a alforxa e o caxato

e vaite por calquer camiño,  
a falar ca xentiña, a sorrir,  
a chorar, a morrer  
na sinxela verdade.  
Fora dos eclesiais enganos,  
das campanudas mentiras,  
das horrendas ameazas.  
Érguete meu ben, colle o caxato  
fuxe deste panteón  
que non queren que saibamos de quen é  
con un morto de mentira  
que aseguran moi serios que eres ti.  
Vólvete, peregrino, que te enganan.  
Aquí Rosalía tiña medo; eu sinto espanto  
porque non hai máis que astucia  
e morte.  
A vida veu sempre de fóra,  
traíádela vós, aquí  
atopábades ansias de poder,  
códices mintireiros,  
papas falsos que enganan,  
canónigos astutos que traballan  
para que medre o amo.  
Así que, meu amigo, vólvete,  
fuxe, meu Santiago.  
colle o caxato,  
busca un fisterre, vale igual este que outro,  
que non se poñan tontos estos cregos,  
que ti non es de aquí, que es do camiño.

## VIII

Roí: (ó Arzobispo, que está xa co seu ropaxe e o báculo)

Dame co pau,  
asme dar con pau,  
sei que me aforcarás,  
pero agora perdínche o medo,  
a liberdade fíxonos valentes;  
antes eramos fantasmas, a liberdade  
fíxonos homes e mulleres,  
Obispo que predícalo amor,  
non está en ti. Nós podemosnos amar máis  
porque aínda somos libres. O teu amor  
é o da ameaza,  
do pau.

Cor 1: Báculo e ballesta,  
amor ós inimigos,  
El-Señor co pau.  
Ja,ja,ja.

Cor 2: Asasinarasnos, arzobispo,  
pero agora bailamos;  
estamos borrachos  
bebendo do vino da liberdade.

Cor 3: Arzobispo, ti predicas un amor mintireiro,  
non o hai sen liberdade.

Cor 4: Primeiro nos atan e logo nos mandan que nos amemos.

Cor 1: Primeiro nos chimpan no cepo e logo nos prohiben o odio.

Cor 2: Primeiro nos enganan e logo dinnos que creamos.

Roí: Xa é hora Galicia,  
que este momento brile na túa miserable historia,  
sobre ti viñeron monstruosos os séculos.  
Estamos sentándonos  
por primeira vez libres; non estabamos acostumbrados,  
e este vino nos tolea.

Arz: Eles son os cans e ti o lobo.



eles queren unha cousa e ti outra;  
eles non son peligrosos,  
pero a ti hai que aforcarte.

Eles necesitan solazarse un pouco,

pero ti quérelo mudar todo. (Ó coro) Eu teño un exército tras de min para aplastarvos, pero quero antes intentar que volvedes á razón. El foi quen vos toleou. O único tolo é el, había que metelo en Conxo.

Roí: En min hai una lámpada encendida  
na noite,  
vós sodes a mañá.

Sen vosa alegría eu morrería;

e o mesmo vós sen min.

Eu levareivos por sitios que vós non sospeitades,

farei de vós un pobo,

Galicia resucitará,

isto non foi máis que o principio,

o máis glorioso está por chegar.

Cor 1: Non queremos seguirte, preferimos volver co arzobispo.

Roí: Sen vós o mundo é para min cárcere,

non me importa que me matedes;

fixen o máis que se podía facer,

outros proseguirán o meu traballo.

Arz: Faremos con eles o mesmo que contigo.

Roí: Estou morto de frío, arrodeádeme,

cantádeme como a un neno,

que vós sodes a miña nai.

## IX

Roí: Compostela é a madrastra;  
a miña noiva era estoutra,  
a miña amada,  
xuntiños toleamos;  
pero agora ela déixoume por ti.

Arz: ¿Por que non te quedaches na nosa relixión?  
¡Tiñas que vir aquí a morrer,  
ás portas da cidade que odias,  
ás portas da cidade que amas!

Roí: **A**bandonado pola noiva,  
volvo ás súas garras,  
de ti recibín o leite da morte,  
en ti aprendín a odiar,  
ti me deches esta ansia.

## X

Arz: Miras demasiado ás nubes.

Roí: Ti demasiado ó chan.

Arz: Pero eu fago avanzar a historia; ti queres aniquílala. Es un predicador da morte.

Roí: Eu vivo na verdade e ti na mentira.

Arz: A mentira ás veces é necesaria.

Roí: Con ela xamáis se poderá facela vida.

Arz: ¡A vida! ¿Que vida? Hai que tirar para adiante co que se ten.

Roí: Ti dis que estás na realidade, pero é merdenta; hai que cambiala.

Arz: As cousas son como son; xa quixera eu que estiveramos no tempo dos primeiros cristiáns. Eu son o señor feudal de media Galicia e teño que defender o meu territorio dos lobos que teño ó redor, teño que ser como eles, senón devoraranme. Defendo a Iglesia, e defendo o amor ás veces matando.

Roí: Ja, ja, ja.

Arz: Podería deixalo cargo, irme ó ermo, xaxuar; bueno, outro viría ó meu sitio e faría o mesmo, tal vez peor; non se gañaría nada, o mundo non melloraría. É moi fácil desde a túa Írresponsabilidade criticar, pero as circunstancias son as que son.

Roí: Se Xexús dixera o mesmo non habería Evanxeo.

Arz: El non tina que gobernar, era un soñador coma ti; tamén buscaba a verdade e a vida, pero tiña o acougo do seu Pai.

Roí: Eu teño o da miña Nai.

Arz: Tiña uns discípulos. Amábaos, quería ós pequeniños; criou ó seu arredor amor. Todo o demais foi consecuencia. A ti eu coñezote desde o tempo que eras seminarista. Sei por onde vas, sei que tés razón nalgunhas cousas, pero predicas imposibles.

Roí: Eu non teño o amor de Xesus pero busco coma él a verdade.

Arz: Sí, e vas morrer tamén por ela.

Roí: A ademáis teño no fondo de min unha Nai que me ama.

Arz: Coñezo o que predicabas en Compostela antes de que te desterrásemos. Que Deus é a vida; que non hai inferno.

Roí: Eu teño menos amor que el, pero teño máis verdade.

Arz: El mellorou o mundo co amor.

Roí: Si, e esa foi a súa maior aportación á humanidade, pero era un amor ca ameaza do inferno; Xesús ten só a metade da vida, fáltalle a liberdade. O amor autoritario é mentira, e a proba es ti aquí, co báculo na man e a ballesta agachada. Falas de que hai que adaptarse ás circunstancias, eres demasiado acomodaticio; era mellor que te foras e deixaras os castelos e a catedral a outro, pois desta maneira canonízalo poder e disfrutas e medras; e o papa no seu solio, e todo non é outra cousa que poder abafante.

Arz: Teño que matarte por rebelde, tamén por revolucionario e por herexe, porque predicas unha doutrina falsa.

Roí: A doutrina da verdade e da vida. Digo que o amor sen libertade é un engano, unha mentira, unha trapallada. Xesús era bó e amoroso, pero en esto estaba equivocado. E se agora estivera aquí faría o que eu fago.

Arz: É máis fermoso o teu papel que o meu, ¿cambiámonolo?

Roí: Ja, ja, ja

Arz: Ti poste esta vestimenta e colles o pau; eu desnudo tiróme o chan e morro.

Roí: O primeiro que faría é ir ver a quen tendes enterrado, o morto ese quen é. Saber a falsedade de Santiago.

Arz: (Ós irmáns). ¿Vedes o que di? Ten a teima de que Santiago non está en Santiago. ¿Que decides vós?

Cor 2: Que o noso apostólo está enterrado aquí, que é el quen minte.

Arz: ¿E que castigo pedides para el?

Cor 3: Que morra.

Arz: (A Roí) Anque foxe verdade o que dis terás que morrer.

Roí: (Ós asistentes) ¡É imposible que estea aquí; entón non había carreteras nin trens nin avións, e as distancias eran infinitas. E a el matáronno o primeiro, non o deixaron saír a ningún sitio. Tódolos documentos con que quere xustificar tal cousa demostrouse que son falsos; hai una papa falso, un obispo falso, todo unha trapallada.

Cor 4: Es un inimigo da nosa terra, hai que axusticiarte. Non podes vivir, vas acabar con nós. Desaparece. Que todo volva a coma estaba antes sen ti. Eres maldito, hundíchenos tamén a nós (intentan agredilo). Imos afogarte nós, maldito.

Arz: ¡Quietos! Volvede ós vossos sitios. A xusticia impóñoa eu. Que tamén a vós teño que asentavos a man, foron moitos os destrozos. Caladiños.

Roí: En lugar de Santiago hai que poñer no altar maior... (bótanlle pedras) ¿Queredes ter de capital de Galicia unha mentira? ¿E de patrón de Galicia a alguén que xa rexitou España de si por ser mintireiro? Obligádelle que se investigue quen está alí; sexa quen sexa, a verdade.

Cor 1: ¡Que morra! ¡Que morra! ¡Traidor!

- Cor 2: ¿Quieres desfacer a nosa nación? ¿Quen che paga? ¡Ai, como te colla eu!, afogareite con estas mans. ¡E pensar que che tiven cariño, que derrubei castelos ás tuas ordes! Tamén eso era en contra de nós, ¡a que nos espera agora! Eres un maldito. Oxalá non naceras.
- Cor 3: Eu non te podo soportar. Ou calas ou non reponde de min. Es un cobarde. Non me dis a min só esas cousas cara a cara. Aproveístaste de que che protexe o Arzobispo. ¿Non será el tamén outro vendido? ¡O noso apóstolo, que é mentira! ¡Herexe!
- Roí: ¿E non vos da vergonza ter un escudo que parece o dunha catedral? ¿É que non tendes máis imaxinación? ¿É que non hai en vós a arela doutra cousa máis grande? ¿É que sodes parvos?

## XI

- Roí: Eu nacín alí, nesa maldita cidade. Por iso cando vos sublevastedes xunteivos a todos para acadar todos xuntos a liberdade. Vós queriades só a pequena, eu dixen para min, voulles regalar tamén a grande. Liberareinos da relixión do inferno, imos conquistar Compostela, abrímoslos sepulcros e veremos quen está alí, é claro que o apóstolo non pode ser. Entón poñeremos no altar maior da catedral unha rapaza, imaxe de Galicia e en xeral, da vida. Esa será a nosa deusa; porque a nosa cultura, queridos irmáns, é allea ó deus masculino, por iso lle dicimos “El-Señor”, en castelán, porque é deles, e lle chamamos “deus” en latín. Nós, que somos un pobo feminino igual que Portugal e que China e India, necesitamos unha deusa. ¡Nada de inferno! ¡Á merda o pecado orixinal! Unha nai que nos agarime, que nos faga potentes co seu amor. ¿Irmáns, ¿queredes unha nai e unha nena no altar maior da catedral en lugar de esa mentira e esa ameaza que é o que agora temos? (El berra todo o que pode, eles non lle fan caso).
- Arz: Ti es un pobriño e non dis máis que parvadas. E se non fora máis que iso ririamos, pero ademáis son pecado, ¡No altar maior de El-Señor, onde ten que morar o máis excelso, unha mortal, e ademáis femia! ¡Unha nena! ¿E cal?
- Roí: Unha calquera, o domingo, e os holocaustos todos para ela.
- Arz: Está tolo, como vedes. Unha mala herba que hai que arrincar da leira porque a contamina. Teño detrás de min o meu exército, eu vin antes; podo mandarllo a eles. ¿Hai dous voluntarios que o queiran afogar?
- Roí: Ou unha muller negra, unha nai universal. Entón os peregrinos virían ó seu seo, como nenos, a seren recibidos, acharían a paz. Figuraría á vida, que somos todos nós pero que poñemos fóra, a parte mellor nosa, que é amorosa, así a potenciamos.
- Arz: ¿Que esperades? Afogalo xa, que cale. (Agárrano dous)
- Roí: Non me importa morrer, outro seguirá dicindo estas verdades. Non hai máis que vida, é mentira o apóstolo, é mentira o pecado, é mentira o inferno. A vida, o único deus.

## XII

Roí: Teño moito medo, dóvolas gracias por poder falar,  
eu sabía que tiña que morrer  
a iso vin aquí esta tarde,  
pero agora estou tremelicando,  
doume noxo a min mesmo.

Cor 4: É natural, pero é so un momento.

Cor 1: Despois, calado xa para sempre.

Roí: Eu quería ser heroe, morrer por vós ¿ou por min?  
A fin de contas acabar, e tremo,  
e teño gana de chorar,  
de ter unha nai comigo que me aperte contra o seu seo,  
Galicia ¿es ti esa nai?  
Fálame, dime que me queres un pouco. Ou ti, Compostela  
na que tanto sufrín,  
que me rabuñabas,  
ríaste de min  
ás veces me insultabas.  
Á miña propia nai, eu faláballe dos meus soños,  
“¿vas facer ti moitos milagres!”  
Este e o milagre que fago,  
morrer sen nadie.

### XIII

Roí: Alá está,  
un puñado de casas ó redor dunha tumba  
e dela viven todos, da carne do morto,  
e nesta cova hai un falo morto  
que por de noite sai a facerlles medo,  
un morto fantasmal que nin sequera existe,  
cheo de dogmas,  
vestido de arzobispo,  
que desde unha torre dirixe o seu exército.  
(ó Arz) Compostela es ti,  
a que falarlle a ela,  
os dogmas que nos metes,  
a morte que nos das tódolos días.  
Pero eu amábaa a ela, tan fermosa,  
o sepulcro, quitarllo,  
para que renacerá.

Arz: Sí, falabas diso xa entón, por iso te botamos fóra.

Roí: Compostela, rapaza  
no altar maior, e todos nós  
pregándolle,  
de xeonllos,  
bicar o chan ó seu redor,  
tódolos vosos latíns para alábala.  
Compostela, menina,  
o meu amor por ti é sen fronteiras  
Compostela santa,  
Compostela limpa,  
Compostela clara.  
Compostela sen comer morte,  
sen dormir na morte,  
sen soñar na morte.  
Compostela santa  
Sen o medo do dragón,



sen a dor da mentira,  
sen a merda da infamia,  
Compostela, pomba branca.  
Agora xa me podedes afogar. (Fanno. Oscuro).  
(Fin de “Compostela”).

II  
GALICIA

“En ocasións os irmandiños resistiron á desesperada, como na torre de Lanzada:

“Viñera un home de Pontevedra que se chamaba Xoán García da Barca...con vinte ou trinta homes... e fixeron unha empalizada dentro de dita torre... e un muriño de pedra seca... viñera o dito Pedro Álvarez e Tristan de Montenegro... e foron sobre a dita torre e estaban dentro o dito Xoán García con sete ou oito homes e os combatiron e os tomaron porque os vendera un dos que estaban dentro e aforcaran a dous deles e ós outros os mataron a lanzadas" (en *Os irmandiños*, de López Carreira).

*Personaxes;*

Agonistas:

Xoán García da Barca, e  
don Pedro Álvarez de Sotomayor.

Coro:

Catro irmandiños.

PRIMEIRO MOVIMENTO  
Anoitece

Xoan: Cae a tarde  
e chega a noite máis negra,  
sómolos derradeiros,  
o fracaso da gran revolución,  
os últimos ecos daquela gran sinfonía,  
os posreiros rescoldos daquela enorme fogueira  
na que botamos a arder a nosa opresión de séculos.  
Agora todo volve ó seu  
e nós sobramos;  
veñen a matarnos.  
Para que a morte sexa soa  
para que non quede ningún resto de humanidade,  
para que a noite non teña máis que tebras.  
Non poderán con nós,  
o noso berro último será de liberdade.  
Asasinos dos corpos,  
roubadores das almas,  
vos maldigo,  
deica non me matedes non farei outra cousa que maldicirvos.  
Vos decidides a nobleza,  
que carallada,  
¡os corvos!  
Vós poñédela palabra  
e a forza; nós  
sómola presa;  
nós, a carnaza.  
Sodes noso mal,  
o noso cáncer;  
non hai que botarlle a culpa ós alleos,  
desde sempre  
vós sodes a nosa morte.  
O noso berro é único,

e limpo,  
é santo,  
é doce,  
é claro  
liberdade!

## II

Cor 4: ¿Por qué temos nós que sacrificarnos? ¿Por qué teño eu que morrer por iso que ti chamas Galicia ou nación ou patria?

Xoán: Non tés que facer nada, falo porque queres.

Cor 4: Eu non o quero.

Xoán: Agora non, pero antes, cando colaborabas no derrubamento, icómo rías e que cheo de emoción estabas!

Cor 4: Arrepíntome daquilo, tina que quedar no meu taller compostelano, grabando no azabache.

Xoán: Querías á patria,  
a loita por la inxusticia,  
chegaba o momento da liberación,  
todos nos levantamos, queríamos quitarnos  
de enriba tanta opresión  
e botámonos a derrubar os antros desos fillos de puta que nos estaban masacrando.



### III

Cor 1: A nación e a casa,

pero a nós botáronnos fora.

Cor 2: Nós, que entregamos todos os nosos esforzos por ela.

Cor 3: Isto é o que eu non entendo,

os poderosos volven ás súas mansións,

a recibir os ferrados,

a seren servidos;

e os outros ó burato;

só nós quedamos fora.

Cor 1: Eles tampouco son felices.

Cor 2: Pero os outros si. Mira don Pedro: asalta,

rouba, secuestra doncelas e casadas.

Cor 3: Contra eso loitabamos, facíamolo por nós.

Cor 1: Tiñamos a axuda do rei, pero despois abandonounos.

Cor 2: Mandou ós lebreles.

Cor 3: Levantaron a caza para cazar máis.

Xoán: Entramos na Irmandade organizados ca súa autorización,

pero sobrepasámola;

había que derrubar só as fortalezas que albergaban malfeitores

e nós fumos por todas,

non deixaamos unha en pé,

iso foi cousa da nosa ira, non do seu permiso,

Non me negaredes que eran grandiosos aqueles momentos,

correndo as terras dos lobos,

fuxindo eles e nós detrás.

Só por vivir aquel momento,

todo o odio de séculos almacenado liberado,

berrando como tolos, derrubando as torres da opresión;

por vivir aqueles días dou por ben empleada a miña vida,

morro en paz.

Cor 4: Eu non.

Cor 1: ¿Preferirías estar na corda de presos dos que teñen que estar baixo o

látigo do capataz refacendo o que desfíxemos,  
baixo as burlas es as risas,  
reconstruindo,  
como ó gato que se lle pasa polos morros a merda prohibida,  
restregandolle ben os morros?:

“¡A ver se aprendes,  
que sodes uns merdendentos,  
uns parvos!

¿Pero a quen se lle ocorre rebelarrse contra o seu señor natural?”

Cor 2: “Naces con el e morres,  
o señor e o teu deus son para sempre,  
é o que ten que ser,  
e ti, a sachar  
e a traer ferrados de millo para a hucha do señor,  
para eso naciches,  
e ademáis esta torre que derrubáchedes  
agora vádela facer máis inexpugnable.  
Traer pedra cos bois,  
cortala na cantería,  
porque agora hai que subila máis”.

Cor 3: ¡E que falarán estes homes entre eles  
a dor na alma, na boca o rancor,  
cada pensamento un coitelo,  
chorar polas noites  
e á mañá de novo a carrexar area, pedra,  
a subilo torreón.

Cor 1: Esta amargura nós non a temos,  
porque decidimos seguir dicindo que non.

Xoán: Despois daquela grandeza o que cómpre é morrer.

Cor 2: Ademáis agora xa é tarde para decidir nada; puxémonos fora da lei  
e o señor vai chegar cos seus esbirros dun momento a outro.

Cor 3: ¿Imaxinádesvos? Botarse diante de don Pedro, de xeonllos, chorando, bicándolle os pes ó noso demo  
opresor.

Cor 1: Ogallá que vena el mesmo a buscarnos.

Cor 2: ¡Lanzarlle un dardo ó corazón!

Cor 3: Eu desexo matalo máis que nada nesta vida, pero botará ós seus homes por diante.

Xoán: ¡Morrer librando esta terra desa alimaña!

#### IV

Cor 1: ¿Vamos morrer pola patria, como din os libros?

Cor 4: ¡Que porcallada!

Cor 2: Eu morro porque quero ser libre.

Cor 3: Eu porque penaba.

Cor 1: A min o odio consumíame.

Cor 4: Se nos quedáramos quietiños na casa, eu agora estaría ca miña noiva.

Cor 2: Salvabamos Galicia.

Cor 3: Pero ela agora nos desbarata.

Cor 1: É unha puta, está deitada con don Pedro.

Cor 2: Ela non, nós.

Cor 3: Nós sí, sómola súa barragana.

Cor 1: ¡Putra Galicia cabrona, es ti quen nos leva á morte!

Cor 2: ¡Merda para ti, prea!

Cor 3: ¡Vendida, arrastrada!

Cor 1: E nós, uns fillos de puta.

Cor 2: ¡Por ti morremos, ladra!

Cor 3: ¿Entón nós non somos héroes?

Cor 4: ¡Ja, ja, ja! ¡Merda!

V

Cor 1: Ela nonos quere.

Cor 2: Ela somos nós mesmos.

Cor 3: ¿Quen nos vai facer morrer? Don Pedro sen os esbirros que son igual que nós, nada podería.

Cor 2: Existe esta cabrona,  
ela é a culpable.

Xoán: Ela é a nosa menina, non a aldraxedes; a pobre está a chorar.

Cor 1: Fixemos todo o máis que pode fecer un pobo oprimido,  
botar ós lambóns;  
¿que máis poderíamos facer?

Cor 2: Fumos traicionados.

Xoán: Tivemos uns xefes vendidos  
e un rei que non lle importamos nada;  
fixemos o que podemos.

Cor 1: Aquela era a Galicia revolucionaria,  
a nova.

Era aire fresco,  
vivimos así máis de dous anos.

Cor 2: Agora de novo Galicia son eles.  
agora é a nosa inimiga.

Cor 3: Hai dúas, a dos señores e a nosa,  
a dos verdugos e a das vítimas,  
a dos cabaleiros e a dos cabalos.

Cor 1: Eles non son máis que uns pouquiños.  
Se nos levantamos corren.  
Galicia somos nós; eles,  
os nosos tiranos.

Cor 2: Galicia foi por primeira vez libre,  
existeu por primeira vez gracias a nós.

Xoán: Nós derrubamos o que a oprimía  
e apareceu limpa e clara,  
como unha rapaza nosa,

que fala galego  
con esa dozura  
e eses olliños lindos.  
Existiches unha vez,  
Galicia,  
saliches do tobo,  
do teu destino,  
da túa opresión de séculos  
polo menos unha vez.

Cor 3: E nós fixémosla nacer;  
agora morremos, pero vímosla noviña;  
os demais non fixeron máis que esmorecer.

Cor 1: Morremos con esa visión.

Cor 2: Con ese amor.

Cor 3: E agora toca chorar.

Cor 1: Galicia existe, nos a vimos.

Cor 2: Valente e doce.

Cor 3: Foi un amencer nesta noite.

Cor 1: Agora camiñamos cara ás tebras, pero ela era a alborada.

Cor 2: Agora morre o día e nós tamén,  
pero entón renaciamos.

Cor 3: Agora xa non temos que perder  
ó perdela a ela.

Cor 4: ¡Eu non quero morrer!

## VI

Xoán: Era unha rapaza, pero ¡como berraba!

Cor 1: ¡Como ría cando os castelos se esborrallaban polo chan!

Cor 2: ¡Cómo cantaba!

Cor 3: ¡E que aturuxos!

Cor 1: Bailaba e nós con ela ó redor.

Cor 2: E os lobos correndo co rabo entre as pernas.

Cor 3: Outros escondidos.

Cor 1: ¡E nós bailando no medio da nosa terra!

Cor 2: Por primeira vez nosa,  
por primeirira vez ampla.

Xoán: Todos nós salindo do burato,  
sen ter que mirar para abaixo,  
co sorris sumiso da esclavitude.

Cor 1: Ás gargalladas.

Cor 2: E os ollos,  
a nosa miserable mirada sempre recollida,  
en risa tamén.

Cor 3: E as nosas mans abertas  
eramos irmáns e libres.

Xoán: Eramos verdadeiramente aquela nena.

## VII

Cor 1: Agora a rapaza chora,  
non temos que chorar nós.

Cor 2: Fixémola nacer,  
nós somos os seus país e os seu fillos.

Cor 3: Agora nós acabamos  
pero ela queda  
chorando.

Xoán: Un día volveralle o sorriso,  
ou tal vez as risadas de onte.

Cor 1: Non temos que chorar,  
ela faino por nós.

Cor 2: Nós tan só morrer.

Cor 3: Val máis morrer aquí que arrastrarnos mil anos.

## VIII

Cor 1: Cando nós morramos  
¿quen te vai ver?

Cor 2: Tan pequena, tan nena  
¡é tan doado arrincarte!

Xoán: Ti segues viva pero eles non te ven,  
agachada no seu fondo,  
ata que outro día saias,  
e ó final estarás sempre fóra  
e xa non haberá máis que Galicia,  
mostrándonos tal como somos  
sen desprecio e sen medo.

Cor 3: Un día chegará que Galicia sexa ela mesma,  
gracias a nós.



## IX

- Cor 1: Os nosos berros non lle chegan,  
está moi lonxe,  
nonos oe.
- Cor 2: ¿Aínda non naceu?  
¿Non a fixemos nacer nós.?  
¿Morreu xa?
- Cor 3: Agora ela está máis alá do horizonte.  
¡Que veña!
- Cor 4: Tena amordazada o conde de Camina.
- Cor 1: ¿Vas deixarnos morrer?
- Cor 4: ¡Que berrades! ¡Non existe!
- Cor 2: Nós fixémosla pero tamén a desfixemos,  
agora está olvidada de ti, pero entón buscábala.
- Xoán: É o mellor de nós agora recollido,  
medoñento,  
asustado.
- Cor 3: ¡Faite grande e acóllenos, nai!

Xoán: Anoitece,  
o sol abandona a terra,  
coma nós,  
e vai morrer na mar,  
entre nubes bermellas que lle cantan.

Cor 1: Que choran  
na inmensidade da mar.

Cor 2: Coma nós, que deixamola terra  
para entrar, xa para sempre, na paz.

Cor 3: Pero antes está a pelexa de defendernos  
para tamén poder matar.

Cor 1: Que a nosa morte  
non sexa nosa soa.

Xoán: A mar está en calma,  
a tormenta, nos nosos corazóns.

Cor 2: Antes de morrer hai que matar.

Cor 3: É unha loita desesperada, eles son moitos,  
a torre está medio derrubada  
nós mesmos a destruímos no curso da revolución.

Cor 1: Eles teñen ata artillería;  
nós só podemos tirarlles as pedras que nos defenden.

Cor 2: O importante é que nonos collan vivos.

Cor 3: ¿E se nos matásemos?

Cor 1: Con alguén habernos de acabar nós antes.

Xoán: ¡Ai se eu lle poidera apuntar ó lobo!

Cor 2: Non é parvo: botará diante de sí ós lobicáns.

Cor 3: Matando a fera morreríamos en paz.

## XI

Xoán: Baten as ondas mainamente contra este torreón,  
as gaivotas chían porque teñen medo á noite  
igual que nós.

Cor 1: Eles viñeron onte e non puideron, agora traerán máis xente,  
óense xa as ameazas  
e as burlas.

Cor 3: Dixeron que se alguén nos traiciona, ese non morrerá,  
e estamos todos a pensar se vale a pena,  
algún Xudas hai tamén aquí.

## XII

(Cantan:)

Cor 1: Agora xa nonos pertencemos,  
somos dela.

Xoán: Ela morre por nós,  
nós somos aquela nena.

Cor 2: Esta non é a miña morte,  
que é a dela.

Cor 3: Por iso é tan doado morrer,  
porque a que morre é ela.

Cor 1: Agora vive ela en min,  
agora xa non son eu,  
agora eu son ela.

Cor 2: Agora non morro eu,  
que morre ela.

### XIII

- Cor 4: Ela nonos quere,  
non hai ela,  
estamos sós  
mortos de medo  
esperando que cheguen e nos arrastren á forza.  
É mentira ela,  
non a hai,  
só existe o meu medo.  
E eu non pensó pagar por nadie,  
agora mesmo baixo a abrílles a porta,  
así ó menos eu me salvo (Coreuta 1 cólleo do pescozo)
- Xoán: Déixao,  
nada cambia, entrarán igual; a perda é para el.
- Cor 4: Eu non teño por que morrer, son novo,  
teño aínda moitos anos de vida.  
Non quero seguirvos na vosa mentira.  
Non hai máis que unha vida,  
a miña,  
pertéceme a min,  
é miña, só miña.
- Cor 2: Pois deféndeas cas más, a patadas, cos dentes;  
parvo, quitaranacha igual.
- Cor 4: Son máis fortes que eu, non podo;  
pedireilles perdón,  
arrastrareime, si, non me importades vós,  
suplicareille a don Pedro.
- Cor 3: ¿Non sabes que é un monstro? Reirase.
- Cor 4: ¡Non! Vouno buscar. (Sai).

XIV

(Cantan:)

Cor 1: Morrer por ti  
a carón dos teus peitos,

Cor 2: A carón da túa vida,  
á túa beira

Cor 3: A carón do amor,  
sen lamentos,  
sen queixas.  
sen mirada,  
sen ansia.

Xoán: Sempre lonxe de min  
Sempre buscándote,  
ó fin, sen esperanza.

Cor 1: Á túa beira, nai.

Cor 2: “O teu arrollo ó vento  
e eu intemporal desfacendome”. (Oscuro. Acaba o primeiro movemento),

SEGUNDO MOVIMENTO  
(Xoán García, agrilloado; don Pedro)  
**Noitebra**

XV

D.Ped: Si, iso é o que quero eu, que vos rebeledes, para poder doblegarvos. ¿Non ves que nós somos cabaleiros e a nosa existencia é guerrear? Nós coma ós touros, pinchávosmos a ver se embestides. E verdadeiramente fixéstedes unha festa maravillosa. A nación galega toleou de rabia; pero así non se podía torear, por iso marchamos. Non pode chamárselle fuxida, esperabamos que calmase; e axiña amansou: dous anos.

Xoán: Máis de dous anos sen vós, de liberdade.

D.Ped: Sí pero ¿que acadástedes? ¿Puxéstedes ó frente alguén que vos unise contra nós? Faciavos falta un xefe, non o tiñades; queriades que en Galicia non houbera nadie enriba de vós e derrubástedelos castelos: esta foi a vosa fazaña.

Xoán: ¿Paréceche pequena? Ningunha nación fixo nunca nada semellante.

D.Ped: Pero cando calmou a vosa ira, o único que tiñades, xa non sabíades que facer. Despois da embestida, puxéstedesvos a esperar a resposta, a sentirvos culpables; moitos viñeron a buscarnos para que os perdonásemos. Cando chegabamos Galicia enteira estaba casi de xeonllos esperándonos.

Xoán: Non é verdade, os nosos xefes militares, que eran vosos, traicionánnos, pero nós resistimos sen eles durante meses, e este é agora o momento final. E vós viñestes armados ata os dentes, os vosos patróns de Castela e Portugal estaban empeñados que a nosa revolución non prosperase, porque o mundo enteiro se lles desbarataba. Non houbo nunca en España nin en Europa unha revolución tan xigantesca: Galicia enteira sen castelos durante máis de dous anos, todos polo chan.

D.Ped: Puidémosvos. A min fixéstedesme grande co voso levantamento. Eu non era máis que o irmán bastardo do señor de Sotomaior. Sitiástedes Tui que era nosa.

Xoán: Roubástedela.

D.Ped: Bueno, si; no sitio morreu meu irmán e a situación esixía un herdeiro forte. Así eu, que non era antes nada, gracias a vós acadei o poder. Entregueivos a cidade como mandara meu irmán e retireime a Portugal. Alí cheguei ca aureola de ser un señor feudal desposeído polos seus vasalos; iso non se podía consentir, casei, díronme todo o que lles pedín,



un exército moderno, non esa chusma que vós tiñades chea de medo.

(Canta:)

Así te quero, Galicia tola, revirada contra min, Galicia berrando ameazas; porque te quero fera, porque te quero nai.

Xoan: Ti es un fillo descarriado.

D.Ped: A min non me veñas ti con monsergas. Todos facémolo que podemos, e eu podo máis que todos vós xuntos. E fágoo.

Xoán: Tédelo país repartido entre catro, o arzobispo o voso mestre. Todos a loitar uns cos outros para arrebatárvola a presa. Tiñades que pensar un pouco no país e non só a vosa ambición.

D.Ped: Galicia é a miña barragana: a que me sustenta, ca que fodo, como o neno ca nai.

Xoán: Pero o fillo non a maltrata.

D.Ped: Fun mozo e forte á súa costa; a nai é para o fillo, como a muller é para o home.

Xoán: Galicia somos tódolos que sufrimos baixo o voso maldito poder.

D.Ped: Non, Galicia e eu somos únicos: ela é para min, como o bosque é para o xabalí. É a nosa posesión; non hai máis que os señores en Galicia. E nola repartimos ás veces polas boas e ás veces a dentadas.

Xoán: ¿E todos nós non somos nada?

D.Ped: Vós sodes como a terra que pisamos, ca que non se conta; nacístedes para nós.

Xoán: Iso é o que está pasando, pero nós queremos ser libres.

D.Ped: Pero non podeades facer nada.

Xoán: Rebelarnos como xa fixemos unha vez.

D.Ped: Valédesvos da guerra; niso somos nós mellores, porque é o noso oficio.

Xoán: A axuda nonos pode vir do ceo nin do rei de Castela, xa se veu. ¿Non vos poderemos quitar de enriba xamáis, estarnos condenados a ser vosas bestas? Noutros sitios teñen leis.

D.Ped: Na nosa terra poñémolas nós.

Xián: Vós non sodes de aquí, sodes do inferno.

XVI

D.Ped: (Canta)

Excítame a túa furia  
e cando te despertas,  
cando te volves tola,  
cando me insultas,  
cando te botas fora,  
entón amóte aínda máis.  
Galicia, has de ser toda miña,  
para meterme dentro,  
para correrme en ti,  
para apreixarte,  
para apuñalarte;  
Galicia miña e de nadie máis.  
Para foderte Galicia,  
que ti es miña nai,  
para engrandecerme,  
para ser teu amo,  
para ser teu neno.  
Teño unha pirola moi fermosa para metercha  
por diante e por detrás.  
Denúdate, Galicia,  
que che quero entrar.

## XVII

Xoán: ¿Cómo imos ser iguais que os outros?  
Nós temos a podre que nos meteron os nosos amos,  
nacemos nela, medramos nela,  
na vosa merda.  
Dicían que Galicia estaba asoballada por Castela,  
mentira; é unha loba  
que devora ós seus fillos.  
Galicia é só penar,  
é unha nai asesina.  
Non lles botémola culpa ós de fóra,  
a enfermidade está en nós,  
nós a criamos,  
medra dentro,  
faise grande en mozos e femias  
devorándonos.  
Eles meten man en nós,  
meten e collen,  
nós somos cousa deles  
sempre humillados.  
É mellor estoupar e acabar,  
sómolo seu gando.  
Tiñamos que matarnos todos,  
¿a quen foderían impunemente?  
¿quen se lles arrastraría ós pés?  
¿Contra quen se sentirían poderosos?

## XVIII

D.Ped: ¿Que queres? Eu sinto esta necesidade  
e podo cumprila, vós  
non podedes; deberiades estar  
contentos de que ó menos  
alguén sexa casi coma un deus.  
Tocoume a min; vós  
admirádeme. Tiñades case que  
facerme sacrificios coma antigamente.  
Son máis que vós. Podo  
máis, na guerra e no amor.  
Eu non o fago por mal,  
quéroos a todos  
e estou na miña terra.  
Son galego coma vós, pero o primeiro.  
Necesito selo señor de toda ela,  
deitarme con toda, fodela:  
grandiosa, o seo anhelante.  
Vós todos sodes meus, e todas,  
son voso señor, voso deus,  
nadie por enriba de min,  
todos o meu rabaño,  
eu, voso único castrón.

## XIX

Xoán: Prea,  
porca, ladra,  
que devóralos teus fillos,  
que te pos do lado dos poderosos  
igual que o seu deus,  
¿ámalo tirano?  
¿Déitaste con el?  
Queres que che faga bailar coma un oso cunha cadea?  
¿Por que nonos acolles?  
¿Por que deixas que nos pisen a gorxa,  
que enchen con nós os carballos, colgando coma árbores de nadal?  
¿Por que es tan mala nai?  
Odióte, Galicia,  
a miña vida agora chámase “tristeza”, “soidade”, “morte”.  
¿Como te vou querer?  
¡Maldigo ser galego!

## XX

D.Ped: ¿Por que falas tan quedo? Que se che entenda, berra.

Xoán: Teño o temor de milenios. Asoballado de vós desde o comezo: como queres que non treme.

D.Ped: E tes unha voceciña.

Xoñ: O medo cando fala: voz de dor, voz de servo.

D.Ped: Pero onte ben que vós levantastedes

Xoán: E por unha vez berramos máis que vós. Desfacíásenos a gorxa, non está acostuada. ¡Morrán os nosos opresores!

D.Ped: Soñabades vivir sen nós, estades tolos. Se desaparecésemos outros virían, Galicia sempre necesitou alguén que a foda.

Xoán: Eu son servo desde o ventre da miña nai, tamén filla de servos. Somos como o gado e as leiras, cousas do señor.

D.Ped: Esa é a orde establecida que vós queriades derrubar cos castelos; pero caeuvos enriba. Agora estades peor.

Xoán: ¿Non é para rir a gargalladas, que aínda cando morro pola nosa liberdade non sexa capaz de mirar ós ollos ó tirano?

D.Ped: Todos vós morredes suplicando. Tódolos que aforco morren así, e iso é bo para min, que me fai ver que eu estou na verdade. Todo menos nós é aquí medo.

Xoán: Cultivástedelo en nós séculos e milenios, é a vosa obra, feita a conciencia. Eu aborrézote pero tamén te temo, por iso a voceciña. Pero hoxe quero mirarte ós ollos, ser libre ó fin.

É máis grande o terror ó amo  
que o espanto de morrer.

Que miña morte sexa como á miña nai,  
que me reciba no seu seo,  
son dela, o último estertor;  
pero o voso medo roubanola,  
tí non me deixas morrer nos seus brazos,  
encontrar nela a paz  
roubádesnos deica o último instante,

chea de matices, a feminidade  
da nosa nación rexurdirá.  
Cando vós e o medo que nos metestes xa nos sexades,  
entón será a alegría, a ledicia, a paz.

D.Ped: Ese tempo non chegará nunca.

Xoán: Se eu conseguira manterme libre del buscando ca miña mirada a do meu asasino, desafiándoo, ó menos moralmente, venceríao, pero a sumisión está tan metida na miña alma que non me atrevo. E por riba, El-Rei e El-Señor, todos cargando sobre nós, ¿cómo imos ser outra cousa que pobres arrastrados? Pero un día nos liberaremos, esta revolución foi para nós mesmos unha demostración, conseguiremos levantar a lousa do sepulcro, e entón viviremos. Agora non facemos máis que morrer.

Mirar cara a cara ó señor iso é só prilexio voso,  
nós temos que facelo desde abaixo  
co pé na gorxa.  
Por oso eu falo mainiño  
sen atreverme a volver ós ollos,  
fuxindo sempre,  
sempre correndo a meterme no burato,  
sempre pedindo perdón,  
gracias porque me permitides existir,  
que non o merezo,  
que son malo,  
que non amo suficiente ó meu dono,  
que non merezo a gracia que se me fai  
e desta merda non me vou librar nin agora, na morte.  
Non é medo en xeral, porque somos capaces de rebelarnos e desafiar á  
morte,  
é o medo ó amo,  
ó pai,  
ó Señor e o seu desprezo,  
ó Deus e ó seu inferno,  
este é o noso medo  
e somos capaces de desafiar á morte se nolo manda o noso señor  
porque non é medo á morte mesma,  
é medo a ti don Pedro,  
é un medo que vos quitáchedes vós de enriba botádonolo a nós.  
Estamos sempre ás vosas expensas,  
sometidos ós vosos caprichos,  
non tendo seguridade ningunha.

Ese é o noso mal,  
o medo ó amo,  
e dese medo quixera eu hoxe liberarme,  
descansaría ó fin  
deixándovolo aquí,  
para entrar sen el nos brazos da miña morte.

Esta revolución xigantesca  
máis grande que ningunha  
nós puidémola facer porque ó principio tiña o consentimento de El-Rei. Despois sobrepasámola, pero  
no comezo foi posible porque el nos deixou. A orden era só ós malfeitores, pero nós derrubamos tódolos  
vosos castelos.  
Non quedou un en pé,  
porque a nosa paixón cando se desata é incontenible. Pero se non houbera ese primeiro permiso da  
autoridade, o medo ó amo nonos deixaría.  
Nós lambemos a man que nos maltrata, e así seremos moito tempo. É a nosa inferioridade. ¡Ai, cando  
nos liberaremos! Entón viviremos, agora estamos a morrer.  
Vós fixéstedes deste pobo garimoso e doce un rábano de miserables. Cando a vosa pezuña xa no exista  
-tardará, porque estos males arraiagan no fondo da alma-  
volveremos ó noso ser,  
á nosa potencia,  
a nosa alegría,  
a nosa dozura,  
á vida.



## XXI

D.Ped: Aquí non hai máis Galicia que eu, e os que me serven.

Xoán: Ese “eu” xigantesco, que está nos torreóns que levantas o no teu castelo. Un “eu” que nos ensordece, que resoa por outeiros, vals e corredoiras, é o “eu” de don Pedro Álvarez de Sotomaior. Non hai máis que el; todo o demáis, servos.

D.Ped: Así é, esa é a miña grandeza.

Xoán: E a nosa nai asoballada.

D.Ped: ¿Que nai? Aquí hai un Pai que é El-Señor, El-Rei, un pai que manda, que impón a súa lei, nada de nai. A nai é só para parir e criar os fillos.

Esta é a orde do pai; non do home miúdo, do home con poder, do pai.

As nais para chorar a perda dos fillos,

para facelas papas,

coidar as galiñas,

cantar e bailar arredor,

e logo en lugar da nai, a moza.

Cando se fai nai múrchase,

arrástrase tralo seu fillo,

xa deixou a alegría,

suspirar,

remugar,

ás veces maldecir.

Aquí a nai non vale para nada,

este é o dominio do Pai

que herda e desherda,

que conversa cos amigos,

que se fai grande na guerra.

As desgracias ó seu redor non lle atinxen,

son cousa para que choren as nais

el mira sempre acadar,

conquistar,

sempre máis forte que onte

e os seus servos rodéanno  
como os anxos a Deus.  
A nosa cultura e a do Pai,  
préganlle a el igual que a min  
e nós, ocupados como estamos na nosa grandeza  
ás veces vos escoltamos e tirámosvos algo.  
Así e a vida, amigo,  
nada de nai.

Ti es un morto xunto dunha perrecha,  
se non foras a morrer diríache:  
sae de ahí,  
afíliate nunha hoste miña,  
faite cabo ou sarxento,  
morre en campaña heroicamente pola honra do pai,  
non hai outra vida que esta,  
loitar pola grandeza do Pai.

Xoán: A nosa revolución fixoa a Nai,  
xuntounos a todos  
ela chamaba por nós, que saísemos do tobo,  
das garras do señor,  
a derrubar o seu poder,  
de tódolos buratos saíron os seus fillos,  
de Galicia nai;  
non eramos nós unha forza de dereitas.  
Íbamos tralo señor para esfolalo,  
e vós fuxiades coma coellos.  
A nosa nai era máis poderosa que o voso pai,  
eramos unha leona eos seus cachorros,  
e nadie nos detiña  
e Galicia foi entón por primeira vez dona de si.  
Ningún país nunca fixo unha revolución tal,  
que non saía do pai, que fuxía,  
que se escondía; a nosa nai venceu a teu pai.

D:Ped: Pero ¿canto durou esa orxía?  
O tempo que tardamos en organizamos;  
porque non te levas a engaño, o pai é o dono do mundo.

Xoán: Se a nosa nai se levantase de novo  
todo ese mundo voso derrubariase outra vez;  
tamén ela sabe organizarse, ¿ou que te cres?  
É a asoballada,  
pero está no fondo de nós,  
e así como saíu unha vez, volverá.  
A vosa tiranía axudaralle a despertar.

E cando a guerra acabe, ela soa é a paz.

## XXII

Xoán: Nós somos déla  
ti es un extranxeiro;  
ela vai medrando maina,  
é o que xurde do máis fondo de nós,  
ó que o teu poder non chega;  
ven de abaixo,  
achégase de dentro,  
cólleños, levántanos,  
é a vida á que vós non chegades.  
Podes reprimila por aquí,  
pero por alí sai,  
é incontrolable.  
Agora tédela oprimida,  
agora nosa nai chora,  
pero non tardará en rir e cantar.  
Ás veces é unha nena triste,  
ás veces é unha femia fera,  
e a nosa esperanza.  
Ti podes cortar maus, pés, aforcar,  
a ela non eres home de aprehéndela  
porque é o zume que nos nutre,  
é a raigaña que afonda  
que nos mantén no seu seo,  
que nos da a vida que ti nos roubas.  
Sen ela a nosa nación morrería,  
con ela aínda que un esté morrendo vive  
e algún día limpamente xurdirá.  
É a nosa entraña,  
é a nosa riqueza,  
é o único norte que temos,  
é o que nos permite non morrer baixo o voso oprobio,

é o único agarimo,  
é o único acougo,  
a única esperanza.  
Xa podes ti aforcar e cortar pés e maus,  
a ela non a acadas.  
É a nosa raíz,  
que non pode morrer  
porque é a nosa sustancia, a nosa única vida.

XXIII

D.Ped: ¿Por que lle pides a ela, se non te oi?

Xoán: ¿Podería facelo a ti con máis fortuna?

D.Ped: Desde logo que non.

Xoán: Fora non hai máis que oídos xordos,  
pero hai dentro algo.

D.Ped: Ti estás tolo

Xoán: É a nosa nai.

D.Ped: Es parvo.

Xoán: Chamo a esa forza interior,  
a esa íntima nai  
que acabe o noso aldraxe,  
a esa nena pequena  
que quere nacer en mín, en nós  
cando estemos xuntos (mira ós asistentes).  
Chámoa  
e ela ven,  
e consólame,  
e na paz cos meus  
e máis doado.

D.Ped: Toleas.

Xoán: Tola lle chamabades entón e derrubóuvolos castelos todos,  
nós víñanos con ela,  
porque ela chamounos,  
xuntounos  
e vós quedastedes sós,  
miserables contra Galicia potente, fermosa,  
Nai feroz ó frente dos seus fillos,  
convertida para vós en morte;  
fuxiades de terror,  
derrubaba castelos  
e vos corriades coma serpes chiando,  
escondéndoos na tobeira,

que é a vosa propia morada,  
alí é onde tiñades que estar sempre  
ou fora e lonxe.

A ela pido  
e non a ti,  
deus xordo.

D.Ped: Ela veu unha vez, pero non volverá,  
colleunos desprevenidos,  
foi unha cousa repentina,  
sabiamos que estabades preparando a represión dos malfeitores,  
pero este trebón nadie o esperaba;  
agora estamos preparados,  
prégalle canto queiras,  
non te libraré de min nin da morte que che vou dar.

Xoán: Ela está conmigo máis que ti,  
sen ela eu non esperaría que ti me mates.

D.Ped: Es o heroe que sofre e morre nesta traxedia,  
estás condenado por min e polos asistentes.

Xoán: Seino ben; e estou xa na súa paz.

D.Ped: Nada pode facer por ti,  
agora esta ven cinguida, non remexe,  
temóla refacendo a súa desfeita,  
está moi atareada,  
non te oe;  
a min si cando aforco a un remiso  
ou cando lle digo que ten que traballar  
de sol a sol  
traer os bois,  
traer a comida,  
de valde.  
¿Chamas por esa?  
menuda malleira esta levando,  
anda a pobre derrengada,  
pedindo perdón,  
pedindo de limosna a gracia de que lle deixe un día para a súa reco-  
lleita que se lle perde,  
dicindo que nunca máis,  
que foi unha tolería,  
que agora van ser bos.  
¿Por esta chamas?  
Agora é miña, non túa; a ti bótanche a culpa  
da situación en que están.  
A túa Galicia é agora miña barragana.

fago o que quero con ela,  
a todo se presta,  
e o momento bo e hai que aproveitalo.  
Os castelos fanse máis amplos,  
as fortalezas suben,  
nós, os amos, facémónos condes e marqueses  
é o momento cumbre do noso dominio,  
do noso prestixio,  
do noso poder  
¿esta é a Galicia pola que chamas?  
Estamos con ela nunha orxía,  
de dominio  
e de irmandade tamén nós.  
Isto é gracias á vosa revolución,  
que nos fixo máis fortes, máis solidarios, máis vixiantes, máis implacables.  
Han pasar cen anos antes de que podades levántala vista do chan,  
se antes vos sentiades maltratados  
agora fozades na terra coma os porcos  
ou estades dentro déla coma os toupos.  
¿Esa é a Galicia pola que chamas?  
Chámame a min que ó mellor hachas máis gracia, (ri).



## XXIV

D.Ped: Eu son o dono da tua amada, se me téis a min tela a ela  
e vou fodela a ela a través de ti (violación),  
está moi boíña.  
Ai que gustiño me da,  
Galicia, douche polo cu,  
grandiosa como es,  
femia, nas túas rías,  
diante deste fermoso horizonte.  
Eu son o teu dono, ai,  
eu son o teu amante.  
Salta, cabalo, ese abismo,  
sube pola montaña,  
arremete,  
rincha.  
Estou montado en ti, correndo ás terras dos meus adversarios,  
bicando dentro,  
ben apertado entre as pernas.  
Brinca,  
levántate,  
coucea polo aire,  
sube deica o ceo.  
Non podo máis de amor, cabalo,  
meu cabaliño,  
estoume desfacendo,  
derrubácheme todo,  
corre pola gándara,  
súbete a ese outeiro,  
brinca, cabalo.  
Vólvete a darme un bico.  
Ti e eu somos invencibles,  
corre como o vento,  
levántoche as crins.

¡Berra!, ¡Berra máis!  
Queu me fas poderoso,  
o único amo,  
cantádeme con arpas, con guitarres e timbáis.  
Que medre aínda máis a miña ledicia,  
o meu gozo.  
Nadie coma min, todos ós meus pés.  
Eu,  
eu,  
eu.  
Ai, que me desfago.  
Non podo máis.  
Chorade.  
Ride.  
Cantádeme.  
Louvade ó voso señor.  
¿Non me tedes envidía,  
un home casi un deus?  
Vasalos,  
pregádeme,  
estou disposto a ser benevolente.  
Cómo me entrego (acaricio).  
Así, cantos sacrificios,  
canta dor me costas,  
canta morte,  
non podo máis.  
Ámovos a todos.  
Es máis fermosa da terra,  
o máis doce,  
o máis fonda,  
o máis maina.  
¡Galicia,  
Galicia,  
oh!

XXV

(Noite pecha. Canta)

Xoán: ¿Por qué andas ti, nena,  
entre estas tumbas?  
Rapaza, vaite de aquí,  
que este é o lugar dos mortos;  
ti agora tes que esconderte no máis fondo de nós  
e esperar que pase a morte.

Rapaza, protexerte,  
gardarte desta morte.  
Neste cementerio só andámoslos mortos;  
ti, nena, fuxe de aquí,  
este non é o teu lugar.

Rapaza, vaite polos campos,  
vaite por los outeiros,  
xúntate cos paxaros.  
Esta é a noite nosa  
que comemos a mancheas,  
que nela nos afogamos.  
Ti, nena pequena,  
Galicia,  
nosa nai,  
non quero que chores por min,  
ti escóndete ben e espera,  
non chores,  
vaite.

Que ti non es de aquí, eras da festa  
que todos nos fixemos;  
agora nesta morte non esteas,  
que só lle cómpre ós mortos. (Fin do segundo movemento),

TERCEIRO MOVIMENTO

Os actores na escena, vestidos ca súa propia roupa, agora coreutas todos.

**Alborexa.**

*Acto primeiro*

XXVI

Cor. 1: Aquelas torres medoñentas  
agora adornan os nosos parques  
e veñen os turistas e suben e contemplan  
onde ande antes os voitres axexaban.  
Pero o mal foi tan fondo  
e fíxonos tanto dano,  
que aínda levamos a ferida dentro.  
Os ouveos daqueles lobos,  
aínda pola noite nos espantan.

## XXVII

Cor 2: Perdimos

porque a nosa aventura era unha tolería,  
¡en que cabeza cabe levantarse  
contra o arzobispo e os seus compinches,  
e mesmo contra El-Rei!

Tiñamos que perder,  
a derrota era inevitable,  
pero soubemos organizamos,  
saltar coma as feras,  
facelos fuxir cheos de medo.

Tiñamos que perder, pero gañamos:  
Antes **nonos** decatábamos,  
desde entón somos unha nación.

## XXVIII

Cor 3: Caían, rompían, derramábanse,  
rolaban con estrondo, o amo xa non estaba montado enriba de min.  
Caían cantando,  
rolando deica o fondo  
e enriba era agora limpo.  
Por toda Galicia as pedras rolando  
e todos nós bailando.  
Pedras levantadas con tanto esforzo,  
voltas á pena de onde saíran.

## XXIX

Cor 4: Galicia é unha moza  
que nas cantigas de amigo namoraba.  
Galicia é unha rapaza  
fera con nós todos irmandiños.  
Galicia é unha femia, paixón e beleza en Rosalía.  
Galicia é miña nai  
sufridora de tantas penas.  
Galicia é nosa deusa,  
e nós, os seus servos.  
Galicia é nosa vida.



XXX

Cor 5: Na primaveira de 1467, o 25 de abril  
caeu o primeiro castelo.  
Escoita,  
oes a mar,  
antes non se podía.

XXXI

Cor 1: Nos arrastrabas  
loucamente,  
toleáchesnos  
e fumos sen medida.  
Chamáronte tola  
e eras a liberdade,  
eras a nosa vida.

## XXXII

Cor 2: Ó vernos levantados botaron a correr,  
non foi necesario decirlles nada.  
E a nosa terra estaba sen odio,  
por primeira vez sen medo;  
agora “Galicia” quería dicir “alegría”,  
“irmandade”,  
“ledicia”.

### XXXIII

Cor 3: Os voitres fuxiron  
no pico a carnaza.  
Os corvos saíron  
rosmando ameazas.  
De medo escaparon  
cando despertamos.

## XXXIV

Cor 4: Algo que había dentro  
fixose fogueira.  
E toda a nación ardía  
e aquela opresión bailaba.  
Era venganza e ira,  
era liberdade.  
Era unha rapaza luminosa,  
que cantaba e choraba.  
Era a nosa nación que renacía,  
ó fin eramos nós.

Cor 5: Galicia,  
a das fondas raigañas  
e ramas que na luz se bañan,  
chama polos que fuxen,  
chámaos e aldráxaos,  
ó arzobispo co seu deus ás costas  
e ós outros ca arca ó lombo.  
“Os ladróns”, berra ela,  
fuxen por corredeiras,  
cos nosos cartos  
van mercar fora os sicarios.  
Polos vals, polos outeiros  
corren eles cas forcas, cos tesouros;  
ela vailles detrás, subindo  
do fondo a súa voz,  
“ides buscar fora a vida  
que é de dentro, está na orixe,  
xa non se oi o río,  
xa non vos mana dentro,  
xa non se sinte a fonte,  
¿has de atopala fora?  
Pero vós non me escoitades  
e fuxides de min e de vós,  
escapades de noite  
escapades da vida”.

*Acto segundo* COMUNIÓN

Cor 1: (ós asistentes) Irnos derrubar novamente os castelos e torres da nosa opresión, nesta festa que conmemora a que comezou o 25 de abril de 1467. (Un actor di o número, outro o nome e outro o nome do seu dono se o hai; se algún cansa, ten dous substitutos. O asistente que ten a pancarta levantada que se nomea, derrúbaa con estrondo e clamor).

- ¡1! ¡Castro Ramiro!, que foi o primeiro, preto de Cúrense.
- ¡2! ¡O castelo de Borraxeiros!, deica de Melide
- ¡3! ¡Sandianes!, par de Allariz.
- ¡4! ¡A Frouxeira!, onde prenderon ó mariscal Parde de Cela
- ¡5! ¡Baamonde!, entre Betanzos e Lugo.
- ¡6! ¡O castelo de Hizme!, no mesmo obispado.
- ¡7! ¡Tamago!, cerca de Villalba.
- ¡8! ¡O castelo de Melide!
- ¡9! ¡A torre de Arcos!, que é xunto a Chantada.
- ¡10! ¡A fortaleza de Amarante!, xunto de Monterroso.
- ¡11! ¡Saavedra!
- ¡12! ¡Vilaxoán!
- ¡13! ¡O castelo de Asma!
- ¡14! ¡A torre de Malpica!, en terra de Quiroga.
- ¡15! ¡O castelo de Manzaneda!
- ¡16! ¡Rodero!, en terra de Cambados.
- ¡17! ¡O castelo de Santa Cruz!, deica Milmanda.
- ¡18! ¡Celme!, na terra de Limia.
- ¡19! ¡O castelo de Covadoso!, xunto a Rivadavia.
- ¡20! ¡A fortaleza de Cea!
- ¡21! ¡A de Cabanelas!
- ¡22! ¡A de Villamarín!
- ¡23! ¡Buaños!
- ¡24! ¡Boán!
- ¡25! ¡Mota!
- ¡26! ¡Roucos!

¡27! ¡Temes!  
¡28! ¡Viduido!  
¡29! ¡San Román!  
¡30! ¡Toldao!  
¡31! ¡Alba!  
¡32! ¡Carnoces!  
¡33! ¡Formigueiro!  
¡34! ¡Linares!  
¡35! ¡Asorín!  
¡36! ¡Teixeira!  
¡37! ¡Vilaboa!  
¡38! ¡Amoeiro!  
¡39! ¡Castro Caldelas!  
¡40! ¡Sarrria!  
¡41! ¡Porquera!  
¡42! ¡Pena!  
¡43! ¡Allariz!  
¡44! As do Arzobispo derrubadas foron: ¡A torre nova do pazo de Compostela!  
¡45! ¡A torre da Praza!  
¡46! ¡A fortaleza de Pontevedra!  
¡47! ¡A de Padrón!  
¡48! ¡A de Muros!  
¡49! ¡A de Caldas de Reis!  
¡50! ¡A de Outes!  
¡51! ¡A de Xallas!  
¡52! ¡A de Tapal!, de Noia.  
¡53! ¡As Torres do Oeste!  
¡54! ¡O castelo de Lobera!,  
¡55! ¡O de Montes!  
¡56! ¡O de Barreira!  
¡57! ¡Rodeiro!  
¡58! ¡A Rocha Forte!  
¡59! ¡E a Rocha Branca!  
¡60! As fortalezas do conde de Lemos derrubadas foron, entre outras:  
¡A de Moeche!  
¡61! ¡Balboa!  
¡62! ¡Castro de Rei!,  
¡63! ¡Chantada!  
¡64! ¡Grabullo!  
¡65! ¡Serracín!  
¡66! ¡Monforte!  
¡67! Ós Andrade derrubarónlle: ¡A torre de Andrade!



¡68! ¡A de Ambroa!  
¡69! ¡A de Motrín!  
¡70! ¡A de Villalba!  
¡71! ¡A de Caamouco!  
¡72! ¡A de Porras!  
¡73! ¡A de Xillobre!  
¡74! ¡A de Merín!  
¡75! ¡Tamago!  
¡76! Da casa de Moscoso foron derrubados os terroens de: ¡Altamira!  
¡77! ¡Morgade!  
¡78! ¡Mens!  
¡79! ¡Vimianzo!  
¡80! ¡Cira!  
¡81! ¡Nabio!  
¡82! ¡Broño!  
¡83! ¡Ferreira!  
¡84! Da casa de Ulloa foron amoreadas as de ¡Abeancos!  
¡85! ¡Xuvencos!  
¡86! ¡Aranga!  
¡87! ¡Orcellón!, cas de Vilaboa e Benqueranza xa ditas.  
¡88! De Pardo de Cela: ¡Cendemil!  
¡89! ¡Carballido!  
¡90! ¡Castro mocho!, ca da Fouxreira, xa dita.  
¡91! Do noso amigo Pedro Álvarez de Sotomaior derrubáronse ¡Sotomaior!  
¡92! ¡Fornelos  
¡93! ¡E Tenorio!  
¡94! De Suero Gómez de Sotomaior, ¡Lantaño!  
¡95! ¡E Rianxo!  
¡96! ¡Landrove!, de Gózalo Sánchez de Ribadeneira.  
¡97! ¡Do conde de Rivadavia: ¡Rivadavia!  
¡98! ¡Arcos!  
¡99! ¡E a torre de Peroxa!, cas de Celme, Cabadoso, Rouco, Arcos e Villamarín, xa ditas).  
¡100! A Fernando de Camba foille derrubado ¡Castro de Condar!  
¡101! A Pedro Álvarez de Portomarín, ¡Portomarín!,  
¡102! ¡Galdrome!  
¡103! ¡E Santa Ouxea!  
¡104! A Ares Vázquez de Parga, ¡Gitiriz!  
¡105! ¡San Martiño!  
¡106! ¡Gordar!  
¡107! ¡E Mira!  
¡108! A Gómez Pérez das Marinas derrubáronlle ¡Grovas!  
¡109! ¡Lema!

- ¡110! ¡Parada!
- ¡111! ¡E Seixo!
- ¡112! Dos Samiento, ¡Sobroso!
- ¡113! De Esteban de Xunqueiras, ¡a do seu nome!
- ¡114! A Pedro de Parga, ¡Pobra de Parga!
- ¡115! A Lopes de Cercedo, ¡Cercedo!
- ¡116! Ó Conde de Trastámara, ¡Gundián!
- ¡117! ¡Bolaño!, do Marqués de Astorga.
- ¡118! ¡Landrobe!, de Gonzao Sánchez.
- ¡119! ¡Lugo!, do seu obispo.
- ¡120! ¡Pobra do Deán!, do deán de Santiago.
- ¡121! ¡Moreda!, de Xoan de Sotomaio.
- ¡122! ¡Figueira!, de Xoan García Barga.
- ¡123! ¡Andeiro!, de Xoán de Andeiro.
- ¡124! ¡San Paio!, de Vasco de Seixas.
- ¡125! ¡Meirón!, de Sancho de Coiro.
- ¡126! ¡Villa Mourel!, de López de Villa Mourel.
- ¡127! ¡Cadelo!, de Xoán López Cadelo.
- ¡128! ¡Bande!, de Fernán Díaz de Rivadeneira.
- ¡129! ¡Fraxio!, de Fernando de Castro, o Vello.
- ¡130! Outro autor engade a estos derrubamentos, ¡o castelo de Rivadeo!
- ¡131! ¡A fortaleza de Río maior!
- ¡132! ¡A de Fonte de Río Mano!

E o que foi deán da catedral de compostelana, Portela Pazos, de quen tomamos estes datos, engade que as fortalezas derrubadas na Revolución irmandiña foron aínda máis.

*Acto terceiro* (cantado)

XXXVI

Cor 1: Xa non quedaban castelos en Calicia,  
agora a nosa terra é feminina,  
Galicia nai.

## XXXVII

- Cor 1: Estamos secos e mortos,  
nena, ven,  
fai desta morte vida coma entón.
- Cor 2: Rapaciña graciosa,  
tés que nacer de nós.
- Cor 3: Frutal neste ermo,  
dozura neste medo.
- Cor 4: Rapaza, somos un un fato de mortos,  
a Compañía de noite,  
sen ti.
- Con 5: Viñeches unha vez maravillosa,  
volve.

## XXXVIII

Cor 1: Nós estamos a berros  
¿e ti non vas vir bailalos?

Cor 2: Os nosos laios,  
nena, báilanoos.

Cor 3: Que non somos máis que parvos,  
que non somos máis que túzaros  
se ti nos faltas.

Cor 4: Vén de novo e levántanos.

Cor 5: Mestura as túas risas cos nosos choros,  
remexe o teu cantar cos nosos laios.

## XXXIX

Cor 1: Ti es a nosa chama,  
encéndenos.

Cor 2: Ti es a nosa lei,  
mádanos.

Cor 3: Ti es a nosa saúde  
sádanos.

Cor 4: Ti es o noso amor,  
coma a outra vez, arrebatános.

Cor 5: Vida que brota da nosa entraña.

XL

Cor 1: Somos badulaques,  
mangallóns,  
sen ti.

Cor 2: Trosmas, nena,  
parvos.

Cor 3: Murchos, tocos.

Cor 4: Memos, xordos.

Cor 5: Ven, rapaza, a salvarnos.

## XLI

Cor 1: Vinde todos e todas,  
que andamos  
a derrubar.

Cor 2: A derrubalo espanto.

Cor 3: A derrubalo machismo,  
o abuso de poder.

Cor 4: A derrubalo vello caciquismo

Cor 5: Vinde, galegas e galegos,  
a derrubar



## XLII

Cor 1: Tola non, nena  
branca,  
rapaza,  
vida nosa,  
nena clara.

Cor 2: Borráronte da historia,  
dixeron que non foras,  
querían que quedaras pechada.

Cor 3: Negáronte,  
querían que non existirás.

Cor 4: Non tola, xusticieira,  
vengadora.

Cor 5: Tola non, nena  
libertaria.

## XLIII

Cor 1: Rapaza,  
xurde,  
ven,  
chega,  
aumentanos,  
cólleos.

Cor 2: Levántanos coma entón,  
toléanos, que a cordura  
tennos agarrotados.

Cor 3: Sácanos da morte,  
que renazamos.

Cor 4: Todos para arriba  
e que as pedras baixen.

Cor 5: E cas pedras, baixando os odios  
os desprezos, os medos.  
e que a vida renaza.

## XLIV

Cor 1: Xurde, rapaza,  
en nós.

Cor 2: Esta merda que nos meteron  
chímpanola fora.

Cor 3: Nena, límpanos,  
chóutanos, renácenos.

Cor 4: Desbótanos esta podre antiga  
e vén ti.

Cor 5: Dura e doce,  
limpa e clara.